



pensamentos sobre **que facer coa cultura?**

Somos

A **Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural** nace en maio de 2008 como un espazo de encontro e reflexión así como unha plataforma de representación profesional.

As persoas que se adican á xestión cultural son profesionais que fan posible e viable en todos os aspectos un proxecto ou organización cultural, que desenvolven e dinamizan os bens culturais, artísticos e creativos dentro dunha estratexia social, territorial ou de mercado e que realizan unha labor de mediación entre a creación e os bens culturais, a participación, o consumo e o disfrute cultural.

Por que este documento?

Consideramos que a crise económica está a servir de coartada para dismantelar as estruturas culturais e poñer en perigo o dereito da cidadanía a acceder de xeito igualitario á cultura e ao coñecemento.

Advertimos tamén que as medidas curtopracistas que se están a tomar non solucionan os problemas estruturais da economía e da nosa sociedade, todo o contrario, están a acelerar a desaparición de estruturas, iniciativas e redes que si funcionan ou funcionaban e que será moi difícil volver a recuperar.

O mundo da cultura non vive allea ao momento económico que afecta a toda a sociedade. Os axustes orzamentarios en si mesmos non son o problema principal, sonno se están acompañados de improvisación, falta de análise das súas repercusións, ausencia de estratexias alternativas e en demasiadas ocasións, se connotan un abandono de funcións. Todos estes erros son críticos cando os toma un cidadán ou unha empresa e sonno máis cando se producen en administracións públicas.

Outra tendencia preocupante é que os axustes se realicen en áreas esenciais para unha sociedade que pretenda ser sostible, solidaria e con opcións de futuro. Estamos a falar dos servizos sociais, a sanidade e os tres alicerces da sociedade do coñecemento: a educación, a ciencia e a cultura.

Dende unha perspectiva galega, tomamos para este texto como punto de partida o título dun artigo asinado por Xavier Antich e publicado en La Vanguardia. Cremos, igual que o autor, que *a pesar destes tempos de incertidume non podemos, nin debemos, renunciar á construción dos escenarios de futuro.*



CULTURA E SOCIEDADE

1) VALOR SOCIAL DA CULTURA

DIAGNOSE: A cultura é, primeiro de nada, *un poderoso motor de transformación social e unha vía para a emancipación individual e colectiva*. O concepto demagóxico e intencionado da cultura como ferramenta de propaganda política puxo en marcha, e aínda mantén, actividades que confunden cultura con ocio e entretenemento, transmitindo a imaxe á cidadanía de que a cultura é un derroche e un sector prescindible en tempos de crise.

ACCIÓN: Os axentes culturais debemos reflexionar sobre os valores que hai detrás do noso traballo e o que aportamos á sociedade, co obxectivo de que a cultura recupere a súa función de motor social e económico. As administracións, pola súa parte, deben cumprir a súa función de garantes do acceso igualitario á diversidade cultural e ao coñecemento.

2) EDUCACIÓN E CULTURA

DIAGNOSE: Nunha sociedade avanzada e solidaria, o corazón da comunidade atópase na rede de espazos onde se accede ao coñecemento: escolas, bibliotecas, espazos culturais, museos, espazos informais, etc. Un bo funcionamento destes espazos permite que toda a cidadanía poida ter as mesmas posibilidades para desenvolverse social, cultural e economicamente. Neste momento, existe unha ameaza evidente de derrumbe desta rede e de perder o camiño andado cara un modelo de sociedade máis avanzado e xusto.

ACCIÓN: As administracións deben cumprir a súa función de garantes do acceso igualitario á educación e ao coñecemento. O mundo da educación e da cultura debe formalizar e fortalecer as conexións e a rede de iniciativas que xa existen, a maioría froito de esforzos individuais e non dunha intencionalidade do sistema. Unha maior colaboración favorecerá o desenvolvemento de creadores, espectadores e en xeral, dunha conciencia crítica que posibilite preservar os nosos principais valores culturais.

3) CIENCIA E CULTURA

DIAGNOSE: A dinámica económica potenciou o prestixio do coñecemento técnico e da formación "útil" e hiperespecializada por riba dunha formación integral e humanista da cidadanía. O sistema promove o individualismo e descoida a educación de cidadáns con criterio crítico propio que lles permita interpretar a complexidade do mundo actual e actuar en base a unha visión social e solidaria co seu entorno. Outra consecuencia é que en xeral, toda aquela actividade creativa e investigadora que non produce un resultado tanxible, útil ou monetizable a curto prazo non recibe o prestixio social que debería.

ACCIÓN: Debe artellarse unha maior conexión entre o coñecemento científico e o coñecemento da rama de humanidades, especialmente en medidas que busquen aumentar o seu prestixio social e que expliquen a súa utilidade no desenvolvemento dunha sociedade do coñecemento con capacidade crítica e polo tanto con maior potencial creativo e de innovación científica, técnica, artística, económica e social.



4) CULTURA E COMUNIDADE

DIAGNOSE: As políticas verticais *top-down*, baseadas no intento de implantar proxectos ideados de xeito xenérico por unha institución superior **para** unha comunidade, demóstranse claramente máis ineficaces e caras que o apoio a iniciativas que nacen e se desenvolven **dende e ca** comunidade.

ACCIÓN: Potenciar a cooperación cidadá a través da priorización de apoio a proxectos integrados e propostos dende e ca comunidade.

5) TRABALLO COA COMUNIDADE

DIAGNOSE: Un problema estrutural da sociedade actual é o escaso valor que se lle da ao produto cultural, sexan produtos físicos ou experiencias ao vivo. Faltan propostas que traballen estratéxicamente no traballo coa comunidade a medio prazo e, paradóxicamente, aínda existen menos iniciativas que se preocupen por coñecer, valorar e incentivar ao público activo que si está a producir e consumir cultura.

ACCIÓN: Igual que xa existen noutros territorios, desenvolver iniciativas estratéxicas de traballo coa comunidade, de incentivo á participación activa na vida cultural e de fidelización dos cidadáns activos.



ECONOMÍA

1) ECONOMÍA DO COÑECEMENTO

DIAGNOSE: Hai consenso en que a crise actual nace do fracaso dun modelo económico baseado na especulación e na economía non productiva ou sen valor engadido. A maioría das institucións internacionais, como a UNESCO, sinalan que debe producirse un cambio de modelo cara unha sociedade do coñecemento con capacidade para innovar baixo criterios de sostibilidade económica e social.

ACCIÓN: Adoptar transversalmente o coñecemento como vector principal de desenvolvemento social e económico, especialmente na definición de políticas e orzamentos públicos.

2) NON É UNHA CRISE EFÉMERA

DIAGNOSE: Os graves problemas estruturais da sociedade que deixou á luz a crise económica non poden tratarse como unha crise transitoria. Recortar gastos sen máis é a medida máis doada de aplicar e constátase como unha fuxida cara adiante. Planificar e redistribuir orzamentos con sensibilidade e pensando na viabilidade a medio e longo prazo é netamente máis complexo e require dunha maior valentía política e social.

ACCIÓN: Abandoar proxectos/formulacións curtoplacistas e construír políticas públicas e proxectos a longo prazo. Realizar un esforzo na reorganización orzamentaria para evitar a desaparición de iniciativas e estruturas estratéxicas.

3) ALTERNATIVAS NON MONETARIAS

DIAGNOSE: A situación actual de redución orzamentaria puxo de manifesto a importancia e utilidade das alternativas ás dotacións monetarias. O intercambio de bens, espazos e servizos permiten sacar adiante proxectos a través de modelos económicos relacionais e non só monetarios.

ACCIÓN: Poñer en valor as aportacións non monetarias que a comunidade e as administracións poden aportar para viabilizar os proxectos. Reorientar os usos de recursos da administración xa existentes e infrautilizados: equipamentos, persoal, recursos de comunicación, etc



4) MECENADO

DIAGNOSE: Non existe actualmente a conciencia necesaria nin os incentivos fiscais para que desde o sector privado se destinen fondos suficientes para a cultura dende unha perspectiva de mecenado. A aplicación dunha lóxica de mercado e de beneficios de retorno de marca non é aplicable a moitas das manifestacións artísticas e experiencias culturais.

ACCIÓN: Modificación do marco lexislativo que regula o mecenado e o patrocinio para que desde o sector empresarial se poida percibir como unha estratexia útil dentro dos plans de Responsabilidade Social Corporativa. Deben establecerse tamén mecanismos que premien o micromecenado e que eviten a concentración de recursos exclusivamente en grandes proxectos e espectáculos de masas.

5) FISCALIDADE DA CULTURA

DIAGNOSE: O peso dunha interpretación de ocio ligado á industria cultural solapa o dereito constitucional da cidadanía a ter acceso igualitario á cultura en todas as súas formas. É especialmente grave a aplicación dun IVE xeral do 21% para a maioría de servizos culturais.

ACCIÓN: Recuperación dun IVE cultural reducido para todos os bens e servizos culturais.

6) IDENTIDADE E VALOR ENGADIDO

DIAGNOSE: Non se valora o suficiente o feito diferencial galego como un potencial económico que aporta valor engadido aos nosos produtos culturais.

ACCIÓN: Poñer en valor a creación propia, a lingua e o feito cultural que nos permite existir e competir no mundo con entidade propia. Potenciar os diálogos culturais, artísticos e empresariais que permitan acceder dun xeito máis competitivo a mercados potenciais que nos abre a lingua galega no mundo.



POLÍTICAS CULTURAIS

1) CONTROL POLÍTICO DAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

DIAGNOSE - A necesaria participación das administracións públicas no financiamento das actividades culturais viuse orientada pola *vontade de controlar politicamente as institucións culturais, de orientar os seus contidos e estratexias, e de rendibilizar, con criterios partidistas, os seus resultados.*

ACCIÓN - *Crear unha esfera pública de consulta para garantir un escenario, propio das sociedades modernas, no que a participación política se realice por medio do diálogo e no que a cidadanía pense, examine e poña en marcha asuntos e iniciativas comúns que adquiren, grazas a esa interacción discursiva, a súa lexitimidade institucional.*

2) TRANSPARENCIA DAS INSTITUCIÓN PÚBLICAS

DIAGNOSE: Nun escenario de redución xeral de recursos é máis necesaria que nunca a transparencia na asignación de recursos públicos, o diálogo na elaboración orzamentaria e a rendición de contas sobre o seu uso. A opacidade xenera redes clientelares que consumen recursos económicos que deberían estar ao servizo de todos e fomentan a intromisión laboral de persoal pouco cualificado e servil. O abuso da asignación nominal e dos contratos sen publicidade leva a contratacións máis caras por falta de competencia. Este problema sistémico tende a que moitos proxectos nacen pensando no cliente institucional e non tanto no público e na súa súa posterior distribución, difusión e promoción.

ACCIÓN: *Promover a excelencia na xestión cultural, a través da transparencia e a participación da sociedade e dos axentes culturais nas fases de asignación de recursos e definición orzamentaria. Asignar recursos a través de convocatorias abertas que permitan unha maior concorrencia competitiva e un plantexamento de proxectos seguindo criterios de utilidade real para a cidadanía. Establecer a rendición de contas e publicación detallada da asignación de recursos públicos ao remate dos exercicios.*

3) (DES)CONEXIÓN ENTRE INSTITUCIÓN E AXENTES CULTURAIS

DIAGNOSE: A administración pública funciona como compartimentos estanco, pequenos espazos de poder político nos que se malgastan os recursos económicos por falta de planificación e comunicación entre institucións: locais, provinciais, autonómicas e estatais. A pesar de contar con menos recursos, óptase polos recortes sen planificación antes de optimizar recursos a través da coordinación entre administracións e de eliminar a duplicidade de iniciativas e as contraprogramacións.

ACCIÓN: *Creación de redes e espazos de comunicación e intercambio. Promover o diálogo e a articulación estratéxica da rede que conforman institucións e axentes culturais, a través do mapeo de experiencias e a construción de axendas de incidencia.*



4) PROFESIONALIZACIÓN DA XESTIÓN CULTURAL

DIAGNOSE: A evolución na profesionalización e recoñecemento académico específico dos intermediarios culturais non está acompañada dun papel máis central nos organigramas onde se toman decisións estratéxicas no eido cultural. Detéctase tamén unha preocupante tendencia a asignar a empresas xenéricas de servizos a xestión de espazos culturais, priorizando a oferta económica sobre a capacidade de desenvolver un proxecto propio de calidade e adaptado ao territorio.

ACCIÓN: Establecer sen excepcións o acceso por concurso de méritos a postos estratéxicos de xestión cultural. Priorizar nos concursos de xestión de espazos públicos a especialización cultural e a capacidade de desenvolver un proxecto estratéxico.

5) NECESIDADE DE CONTINUIDADE NAS POLÍTICAS CULTURAI

DIAGNOSE: Nun cambio de cor política, a lexítima aplicación dun programa propio desvirtúase e convértese nun barrido sen análise previa de calquera proxecto que poida ter relación co equipo político anterior, impedindo que proxectos viables e útiles para a cidadanía poidan consolidarse e medrar a medio prazo

ACCIÓN: Confiar nos profesionais cualificados das propias institucións para marcar con independencia as súas liñas estratéxicas no medio-longo prazo. Rexeitar o desmantelamento de proxectos sen mais xustificación que o feito de que nacera nunha etapa anterior e sen mostrar á valoración da cidadanía un proxecto estratéxico propio que o poida mellorar ou reemplazar.

6) ESPAZOS CULTURAI PÚBLICOS

DIAGNOSE: A falta de planificación levou a que os desproporcionados custes de mantemento de determinados espazos canibalicen os "recortados" recursos cos que contan para operar e desenvolver a súa principal función: permitir o acceso á cultura por parte da cidadanía.

ACCIÓN: Non construír novos espazos culturais sen presentar un proxecto previo de contidos ligado a unha análise do territorio no que se asenta. Naqueles casos nos que unha administración non teña recursos ou ideas, debe abrir a súa xestión a colectivos cidadáns que presenten un proxecto de autoxestión corresponsable co territorio no que se asentan.



7) PARTICIPACIÓN CIDADÁ

DIAGNOSE: A participación cidadá resulta imprescindible neste novo modelo de xestión cultural comunitario e participativo. Na cultura amadora e de base tamén se realiza a formación inicial dos axentes culturais do futuro.

ACCIÓN: Potenciar en todos os ámbitos da administración pública e privada da xestión cultural a figura do voluntario cultural que, ademais de recibir unha formación e educación cultural, sexa recompensado socialmente con beneficios en programas, becas, cursos, ofertas de emprego, etc.

8) POTENCIACIÓN DO FEITO CREATIVO

DIAGNOSE: Non hai mellor defensor da cultura que o que crea e vive con ela. O proceso creativo e as iniciativas que potencian a creación atópanse por debaixo en número e recursos das iniciativas de exhibición de propostas. Non existe unha estratexia nin unha rede ben estruturada e visible que permita a novos creadores desenvolver o seu talento e conectar coas industrias culturais e o público.

ACCIÓN: Recuperar liñas de apoio á creación. Mapear as iniciativas existentes dirixidas a novos creadores e potenciar proxectos que habiliten os espazos culturais públicos como fábricas de creación e non só como espazos de exhibición.

9) VISIBILIDADE DO FEITO CULTURAL PROPIO

DIAGNOSE: O recoñecemento social e económico da produción cultural propia só será posible actuando contra a súa invisibilidade. A descompensada loita contra o potencial económico das campañas de marketing foráneas require dun maior apoio institucional á difusión da cultura propia, mais aínda cando propostas foráneas de menor calidade que as propias ocupan programacións e espazos de visibilidade públicos.

ACCIÓN: Desenvolver a función e papel estratéxico que os medios públicos teñen na visibilización da produción cultural galega, ampliar os públicos obxectivos e ampliar a pluralidade nas propostas que a día de hoxe se mostran.



ANEXO – referencia legislativa

O artigo 44 da Constitución contén:

- (i) Os poderes públicos promoverán e tutelarán o acceso á cultura, á que todos teñen dereito.
- (ii) Os poderes públicos promoverán a ciencia e maila investigación científica e técnica en beneficio do interese xeral

*Neste artigo hai, pois, algo máis que o recoñecemento do principio de liberdade cultural, xa que leva a **esixencia dunha actividade pública en orde ao desenvolvemento cultural e científico** e á promoción da investigación. O dereito á cultura pertence, como sinalou reiteradamente a doutrina, ao xénero dos dereitos de prestación. **Os poderes públicos han de pór ao alcance de todos a cultura, que non é, desde logo, un produto ou unha creación da política, senón un fenómeno natural da comunidade**, con todas as precisións, matizacións e variacións que se queiran dar, e que aquí, loxicamente, non poden ser consideradas. A xustificación desta actividade promocional atópase, así, na valoración que fan os poderes públicos da **profunda relación que existe entre cultura e ciencia, por unha banda e desenvolvemento da persoa e da sociedade, por outro.** (fonte: www.congreso.es)*

